

MATERIAL DESCARGABLE

REA “Expoñendo a Prehistoria”

1. CONTEXTUALIZACIÓN CRONOLÓXICA DA PREHISTORIA

Prehistoria xeral		
Paleolítico 4.000. 000-10.000 a. C. Mesolítico	Neolítico 10.000 a. C.	Idade dos Metais Cobre, bronce, ferro 5000-700 a. C.
Prehistoria peninsular		
Paleolítico 1.300.000-35.000 a. C.	Neolítico 6000-3000 a. C.	Idade dos Metais Cobre, bronce, ferro 3000-800 a. C.
Prehistoria en Galicia		
Paleolítico 250.000 a. C.	Neolítico 5.000 a. C.	Idade dos Metais 3000-600 a. C.

2. CIENCIAS AUXILIARES DA PREHISTORIA

A Prehistoria é a primeira e máis longa etapa da Historia da Humanidade, que comeza cos primeiros homínidos do Paleolítico Superior (hai uns 4 millóns de anos) e remata coa incorporación da escritura, sobre o IV milenio a. C. O estudo desta longa etapa da que carecemos de documentos escritos faise a través das fontes materiais atopadas, clasificadas e analizadas pola Arqueoloxía. Pero moitas outras [ciencias auxiliares](#), coma a Paleontoloxía, e técnicas científicas, coma a química ou a xenética, axudan a un mellor coñecemento dos restos arqueolóxicos. Así, cada día coñecemos un pouco máis sobre este apaixonante período da humanidade.

3. O PROCESO DE HOMINIZACIÓN

Cando apareceu o primeiro ser humano? Onde? Como?

Ao longo da Historia déronse todo tipo de respostas relixiosas sobre a orixe do ser humano, como as dos sumerios, os gregos e a tradición xudeocristiá. Esta versión mítica aínda ten seguidores na actualidade: a teoría do creacionismo.

As primeiras explicacións científicas sobre as orixes do ser humano apareceron a mediados do século XIX. Na bioloxía e a xeoloxía xurdiu a [teoría da Evolución](#) de Charles Darwin (*A orixe das especies*, 1859) e Alfred Russell Wallace. Esta teoría defende que todos os seres vivos proceden dun organismo común. Polo tanto, o ser humano é o resultado de millóns de anos de evolución.

Ao longo do século XX e XXI fóronse descubrindo novos fósiles prehistóricos. Grazas aos recentes avances de ciencias coma a paleontoloxía e a xenética, estes fósiles permítenos coñecer cada vez máis cousas sobre o pasado. Isto fai que a evolución do ser humano sexa unha das ciencias máis apaixonantes da actualidade.

O ser humano, un primate máis

O ser humano é un animal vertebrado, mamífero e pertencente á orde dos primates, dentro dos que se enmarcan os simios.

Os humanos (*Homo*) e os chimpancés (*Pan*) compartimos un ancestro que comezou a evolucionar hai uns 7 millóns de anos. En termos evolutivos, é unha separación recente. Resulta que un chimpancé comparte maior cantidade de xenes co ser humano que cun gorila. As apariencias enganan. Ou non...

Que nos fai humanos?

Somos [bípedes](#), temos un cráneo grande (cun encéfalo potente), unha mandíbula pequena e mans hábiles (gracias ao [polgar opoñible](#)). Ademais, a posición da nosa larinxe permítenos emitir sons (linguaxe articulada) e comunicarnos.

A diferenza doutros animais, o noso período de aprendizaxe é moi longo. Aprender é clave para poder adaptarse a calquera contexto.

Os homínidos: os nosos antepasados

Un dos factores que determinou a evolución dos **homínidos** foi o cambio climático: entre hai 10 e 7 ma a paisaxe do leste de África deixou de ser unha selva ecuatorial e tropical (húmida) e pasou a ser sabana (seca). Foi preciso cambiar a dieta.

Un dos primeiros antepasados da nosa especie é o xénero *Australopithecus* (4 millóns de anos). Entre os seus fósiles máis coñecidos está o de [Lucy](#). Os australopitecus xa facían tres cousas fundamentais para os futuros humanos: camiñaban de pé, comían carne e fabricaban ferramentas. Proba de que camiñaban erguidos son as famosas [pegadas de Laetoli](#) (Tanzania).

O fósil máis antigo do xénero **Homo** (3 millóns de anos) é un anaco de mandíbula atopado en [Ledi-Geraru](#) (Etiopía). Este novo xénero caracterízase por consumir carne xa de maneira habitual e polo crecemento progresivo do seu encéfalo (aumento da capacidade cranial).

A especie de Homo máis antiga é *Homo rudolfensis*, seguida de *Homo habilis*. Pensouse que era o primeiro homínido en fabricar ferramentas de pedra.

Despois temos a *Homo ergaster* (1'8 millóns de anos). Os seus fósiles apareceron nos arredores do lago Turkana (Kenia).

Tras esta especie, temos a *Homo erectus* (entre 1'8 millóns de anos e 117.000 anos). Foi [o primeiro en saír de África](#) cara Asia. Caracterízase polo aumento da súa capacidade cranial. Ademais, dominaba o lume, o que é fundamental na evolución da dieta e da anatomía.

En Europa apareceu o *Homo antecessor* (“o explorador”). Os seus fósiles descubríronse no xacemento da Gran Dolina ([Serra de Atapuerca](#), Burgos) e

teñen unha antigüidade duns 900.000 anos. Un dos máis coñecidos é a [Rapaza da Gran Dolina](#).

O [Homo neanderthalensis](#) é unha especie propia de Europa. Recibe o seu nome do val alemán de Neander, onde se atopou por primeira vez. Viviu entre hai 400.000 e 30.000 anos. Era moi robusto e a súa capacidade cranial era similar á dun sapiens, aínda que a súa estrutura era diferente. Enterraba aos seus mortos, polo que xa tiña capacidade cognitiva e pensamento simbólico.

Os neandertais non tiveron continuidade como especie e non coñecemos os motivos que os fixeron desaparecer.

O *Homo sapiens sapiens* procede de África. Os restos fósiles máis antigos son os do xacemento de Jebel Irhoud (Marrocos). Teñen uns 300.000 anos. Saiu de África hai uns 100.000 anos. Destaca pola súa enorme variedade xenética, froito dunha longa historia de [hibridacións](#) con outras especies (neandertais e denisovanos) e polas sucesivas migracións polos distintos continentes.

Por que chegamos ata aquí?

A [evolución](#) non é un proceso lineal, senón máis ben unha árbore con miles de ramas. Moitas extinguíronse. De todas as especies do xénero Homo, só sobreviviu ata hoxe a do *Homo*.

4. COMO ERAN O HÁBITAT E CULTURA NA PREHISTORIA?

Paleolítico

No Paleolítico o hábitat dos seres humanos dependía moito do clima (houbo períodos moi fríos, coma a idade de xeo) e das características xeolóxicas dos territorios.

Os homínidos facían **asentamentos** temporais ao aire libre nos que construían cabanas de madeira ou chozas con ramas e peles ou ben aproveitaban as covas e abrigos naturais.

Nelas tiñan útiles de pequeno tamaño como rascadeiras, agullas e bifaces, entre outros. Tamén utilizaban algunhas armas para cazar e defenderse, como lanzas ou frechas de madeira con puntas talladas en sílex, bastóns perforados e propulsores. Sempre cousas facilmente transportables dentro da súa vida nómade.

Nas covas había zonas especializadas en distintos labores: sabémolo porque nas escavacións arqueolóxicas están agrupados en lugares concretos instrumentos do mesmo tipo: por exemplo, bifaces e lascas nas zonas de tallado, coitelos e machados en zonas de tratamento de carne.

Conservamos algúns restos de vestimenta no Paleolítico superior. Así sabemos que tanto os neandertais coma os *sapiens* utilizaban peles e tamén calzado que lles permitía protexerse do frío e percorrer grandes distancias. Estes humanos concedían importancia á estética e aos símbolos: usaban adornos sobre os seus corpos, como colgantes con dentes de animais ou cunchas, pulseiras con contas de marfil. Ademais, *sapiens* utilizaba tatuaxes con tinturas coma o ocre.

Os **emprazamentos** buscaban proximidade de auga e lugares elevados cunha boa visión do entorno para controlar a caza e para defenderse mellor dos depredadores. Moitas destas covas e grutas eran habitadas sucesivamente por distintos grupos de homínidos, incluso de especies distintas, que as utilizaban

como lugares de paso estacional, como sucede por exemplo en [Atapuerca](#), onde contamos con restos humanos desde o Paleolítico ata a Idade dos Metais.

No Paleolítico os humanos organizábanse en diferentes **clans**, grupos formados por uns 20-40 individuos liderados por un xefe/a de clan.

Un mesmo territorio estaba ocupado por diferentes clans vinculados por un antepasado común que ademais do territorio compartían outros vínculos, coma un mesmo sistema de crenzas, rituais, lugares de culto e enterramento. A esta agrupación de clans chámasele tribo.

Dentro dunha **tribo** existen relacións de cooperación, por exemplo para a caza, e tamén relacións de intercambio tanto de produtos como de individuos entre diferentes clans. Tamén en ocasións poden existir conflitos entre eles.

O **lar** é a unidade social básica dentro do clan. En torno a el desenvólvense as **relacións sociais** de convivencia, básicas para a supervivencia e a evolución da especie.

A elevada mortalidade infantil só se pode paliar grazas aos [coidados](#) de todo o clan das nais e as crías. A mortalidade xeral tamén era alta e a **esperanza de vida** media nestes grupos era duns 30 anos. Así, só a cooperación e protección mutua como especie fixo posible superar [momentos críticos](#) para a supervivencia humana.

Parece que no Paleolítico as [diferencias por sexo](#) non estaban claramente determinadas. Homes e mulleres podían desempeñar funcións semellantes nos grupos: elaborar útiles, cazar e recolectar, entre outras.

O Paleolítico foi o período máis igualitario da Prehistoria, pero non estivo exento de conflitos, como poñen de manifesto restos de enterramentos colectivos con signos de violencia. Con respecto ao [canibalismo](#), non queda claro se o seu sentido obedecía a un ritual ou a un fin alimenticio puntual.

Tanto a etnografía coma os restos materiais dos enxovais fálannos das primeiras **crenzas e rituais**. Os [primeiros ritos funerarios](#) datados son os dos

neandertais. Rodeaban aos defuntos con elementos persoais que lle serven de **enxoval funerario**.

Practicaban a **música** e a **danza**, e consérvanse instrumentos de música, coma [fautas](#).

Ademais, pénsase que esta poboación consideraba a natureza coma unha forza coa que podían establecer unha relación a través de representacións, ofrendas ou ritos que poderían ser a base das manifestacións artísticas do Paleolítico.

Dentro da **Arte mobiliar** temos pequenos obxectos fáciles de transportar, sobre pedra, óso ou hasta, como os [bastóns de mando](#) ou os [propulsores](#) e tamén figuras femininas denominadas “**Venus**”.

Tamén realizaron [pinturas rupestres](#) nos teitos e paredes das covas e en abrigos das rochas, de aí o seu nome. Son pinturas naturalistas e [polícroma](#) (varias cores) que representan a [fauna paleolítica](#), non compoñen escenas e incluso a miúdo aparecen superpostas. Tamén se representan símbolos e mans en positivo e negativo. Un exemplo destacado na península ibérica é a [cova de Altamira \(Santillana del Mar\)](#).

Neolítico

Coa **Revolución neolítica** transfórmase o **medio natural**: redúcese a biodiversidade vexetal e animal. Así, os humanos comezan a mudar para sempre as características físicas da Terra.

A sedentarización conleva a construción dos primeiros **poboados** permanentes, moitas veces amurallados. Nestas primeiras casas atopamos obxectos de maior peso, tamaño e variedade como [muíños de man](#), [machadas pulimentadas](#), [bolsas de cestería](#) ou tecido, vasillas de [cerámica](#) para almacenar ou cociñar alimentos, [obxectos rituais](#) e [xoiás](#).

Como novidade aparecen enterramentos colectivos separados, que inclúen materiais neolíticos.

Na **arte mobiliar** neolítica destacan unhas pequenas figuras que representan o corpo humano moi esquematizado, denominados ídolos.

Neste período a **pintura rupestre** é esquemática e **monocromática** (unha soa cor), nela represéntanse escenas de animais e persoas en rochas ao aire libre ou en abrigos, como a da danza achada na Cova de Cogul (Lleida).

Idade dos Metais

Coa maior importancia do comercio nesta etapa vemos como os emprazamentos dos poboados buscaron novas vías de comunicación: en vales, cerca de ríos ou enseadas de fácil acceso. Sobre todo na **Idade de Ferro**.

Coas novas actividades económicas e co aumento do tamaño dos grupos humanos, que pasan de ser unhas ducias de persoas a ser milleiros, aparecen tamén as diferencias sociais, como se reflicte no enxoval das sepulturas, algunhas delas moi ricas: incluíndo cabalos, carros, gando, xoias, armas, ricas cerámicas, e obxectos persoais coma punzóns e peites.

As relacións entre os diferentes grupos van ser na maioría dos casos pacíficas, como poñen de manifesto os intercambios tanto de obxectos como de persoas.

A partir da idade dos Metais teremos unha maior separación de actividades por sexo. Por exemplo, as mulleres destacan nos labores agrícolas e os homes desempeñan os labores relacionados coa metalurxia e o manexo das armas. Non só se establece unha diferenciación sexual, senón tamén unha xerarquización, dando lugar á formación de sociedades patriarcais.

Unha manifestación cultural desta etapa foi o **megalitismo** (*mega*-, grande, e *-lithos*, pedra). As construcións megalíticas iníciáanse a partir do V milenio a. C., e en Galicia a partir do III milenio a. C. As súas funcións non están moi claras (lugares de enterramento, de reunión, de territorio).

As construcións máis características son:

- **Menhir ou Pedras Fitas:** unha pedra alongada cravada verticalmente no chan. Ás veces, os menhires dispoñíanse en ringleira, formando así un [aliñamento](#).
- O [Crómlech](#): conxunto de pedras verticais cravadas verticalmente no chan colocados en círculo, sobre as que se dispoñen lousas horizontais.
- O **Henge ou Círculo lítico**: estrutura circular ou ovalada cun foso e un círculo lítico.
- O **Dolmen** e **Mámoa**: cámara funeraria formada por grandes pedras verticais cubertas por unhas lousas horizontais protexidas por unha mámoa (túmulo de terra). Usouse como enterramento colectivo.

Na Idade dos Metais tamén destacan como expresión artística os **petróglifos**, gravados feitos mediante a técnica de percusión sobre rochas. Representan tanto formas xeométricas coma naturalistas.

As [construcións megalíticas](#) son un reflexo claro dunha capacidade de cooperación cada vez maior, que dará incluso lugar ás primeiras grandes unidades políticas como reinos e imperios.

5. AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS NA PREHISTORIA

Economía predadora do Paleolítico

As actividades económicas no **Paleolítico** limitábanse á caza, á pesca e á recolleita de plantas e froitos silvestres, o que chamamos **economía predadora**, que:

- Proporcionaba á reducida poboación paleolítica a posibilidade de alimentarse, pero tamén condicionaba a súa organización social.
- Eran nómades, abandonaban o territorio tras rematar cos recursos dispoñibles no medio, desprazándose na busca de alimentos.
- Formaban grupos reducidos para sobrevivir, non había unha división social do traballo. Tampouco excedentes, nin unha diferenciación social significativa.
- Ao principio, as actividades máis habituais eran a recolleita de vexetais e o carroñeo. A medida que a tecnoloxía do ser humano evolucionou, a caza e a pesca foron as actividades máis comúns.
- Apareceron os sistemas de intercambio (troco): ao entrar en contacto con outros grupos humanos, difundíronse algunhas materias primas e intercambiáronse ao mesmo tempo bens materiais e habilidades tecnolóxicas, obras artísticas transportables coma a arte moble, e obxectos de adorno persoal, coma as cunchas.

O desenvolvemento tecnolóxico: os útiles e o descubrimento do lume.

As primeiras ferramentas e armas creáronse para cazar, pescar ou para a recolleita. O progreso tecnolóxico dos útiles baseouse no tallado do material utilizado, coma a pedra.

Co dominio e a produción do lume durante o Paleolítico, o ser humano tivo unha fonte de calor e de luz, e ao mesmo tempo mellorou a súa supervivencia. Permitiulle cociñar, fabricar mellores útiles e defenderse mellor dos animais.

Aparición da economía produtora no Neolítico

O descubrimento da agricultura e a gandaría hai aproximadamente uns 10.000 anos en diferentes puntos do planeta dá paso a unha **economía produtora**. Isto supuxo unha revolución na historia da humanidade, cun incremento demográfico e a aparición do excedente. Como consecuencia, iniciouse a diferenciación social (apareceu a propiedade privada), a explotación e a civilización.

A economía produtora implicou a aparición de novas actividades económicas ([cerámica](#), téxtil) coas que o ser humano comezou a transformar o medio. Este cambio marcou o paso do **Paleolítico** ao **Neolítico**. Isto supuxo unha verdadeira revolución, que levou a:

- A importancia do descubrimento da agricultura, co cultivo do trigo, arroz e cebada. Ao mesmo tempo, descubriuse a gandaría, coa domesticación de animais coma cabras, ovellas ou porcos en diferentes puntos do planeta, tras un importante [cambio climático](#).
- O progreso tecnolóxico e a división social do traballo.
- Unha maior cantidade de bens materiais, e utensilios máis precisos. Por exemplo, [machadas](#) de pedra puída, pedras de muíño, a cerámica.
- Descubrimento de novos instrumentos coma a [roda](#). A súa invención foi un dos avances tecnolóxicos máis importantes do Neolítico, hai aproximadamente uns 5.000 anos no antigo Exipto e Mesopotamia. Non sabemos quen foi o seu inventor ou inventora. Si que facilitou o traballo na cerámica, no transporte e comercio, e tamén na agricultura, gandaría e clave na aparición da [metalurxia](#).